



Recomendación dirixida ao Concello de Boiro para que toda vez que verificou os incumprimentos da normativa de protección contra a contaminación acústica do 'Ximnasio Ozono', impulse a tramitación do expediente incoado, adoptando, de ser o caso, as medidas cautelares que correspondan a fin de que se minimice a problemática que veu padecendo o promotor desta queixa dende hai tempo.

E recordatorio de deberes legais para lembrar que, de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo, o Concello de Boiro conteste expresamente aos escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa e, en xeral, no seu caso, a todos os escritos presentados pola cidadanía.

Expediente: C.8.Q/11881/24

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao desacordo coa actuación do Concello de Boiro ante os ruídos xerados por un ximnasio.

ANTECEDENTES

Primeiro. En data do 18/06/2024, o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica esencialmente que:

Nos dirigimos a Ud. para poner de manifesto la situación de indefensión que nos está produciendo el exceso de ruido que genera el equipo de ventilación/salida de aire del Gimnasio Ozono en Boiro y la incapacidad y poca diligencia que está mostrando el Concello de Boiro para gestionar la situación.

Los hechos son los siguientes:



El Gimnasio Ozono está situado en un sótano con fachada a Av. de Constitución, 81. A su espalda, tiene un sistema de ventilación conectado a la salida de aire de los garajes de la manzana de edificios que ocupa (foto 1).

Este equipo de salida de aire hace un ruido excesivo y muy molesto. Está además funcionando durante todo el día y hasta altas horas de la noche, a entera voluntad de sus responsables, incluidos sábados, domingos y festivos. En numerosas ocasiones el equipo de salida de aire ha quedado funcionando toda la noche.

Las ventanas de nuestra vivienda, desde las que se han hecho las mediciones que luego le indicaré, están situadas a más de 20 metros del foco de ruido. Como puede ver (foto 2), hay viviendas mucho más cerca que la nuestra, que están sufriendo con mucha más intensidad que nuestra familia este problema, independientemente de que no hayan formulado denuncia formal.

El 31/01/2023, después de haber tratado de comunicarnos un par de veces con el gimnasio a través de Facebook para advertirles que el ruido que generaban era excesivo, se les envió un correo electrónico amistoso el que se les informaba del problema, se enviaba un video y se les invitaba a subir a al edificio a comprobar el ruido por ellos mismos. Igualmente, se les solicitó que al menos tuviesen cuidado con los ruidos en horario nocturno, que son evidentemente los que más molestan. El 01/02/2023 desde el Gimnasio contestaron que tomarían medidas para solucionar este asunto (ver documento adjunto "correos-con-ozono-valedora.pdf"). Como podrán imaginar, la situación continuó exactamente igual.

Tras seguir sufriendo este problema durante varios meses, finalmente en noviembre de 2023 se formuló ante el Concello de Boiro la primera de las denuncias formales. Lo cierto es que en ese momento el Concello de Boiro, al menos su técnica de Medio Ambiente (...), actuó muy diligentemente y con fecha 01/12/2023, se efectuó en nuestro domicilio la primera de las mediciones de ruido.

Esta medición se hizo a través de empresa que envió a tal efecto el Concello de Boiro, con lo que presuponemos que cumple con los requisitos técnicos necesarios para que se considere que tiene presunción de veracidad, tal como indica la ordenanza contra la contaminación acústica del concello.

En primer lugar, el técnico que vino comprobó que efectivamente el causante del ruido era el equipo de ventilación del gimnasio y tras eso, efectuó la correspondiente

medición de ruido. Al haber pasado varios días sin noticias desde que se hizo la medición, nos dirigimos por correo electrónico (pueden comprobar todos estos correos en el fichero adjunto “correos-con-concello-ozono-valedora.pdf”) a los servicios de medio ambiente del Concello con fechas 26/12/2023 y 02/01/2024 para interesarnos sobre si ya se había recibido el informe técnico correspondiente y para indicarles que nos habíamos percatado que había cambiado el patrón de ruido, ya que daba la sensación de que se había instalado un temporizador que hacía que la ventilación funcionase a intervalos de media hora hasta altas horas de la noche.

El día 08/01/2024, habiendo transcurrido más de un mes desde que se había efectuado la medición, el Concello contestó indicando que el informe daba “mal”, en el sentido que confirmaba un ruido por encima del límite legal y que tramitarían un requerimiento al gimnasio a través de la secretaría del Concello para que se arreglase.

Transcurrido un mes desde que se indicó que se iba a enviar el requerimiento formal al gimnasio y tras haber insistido con denuncias que fueron totalmente ignoradas, el 08/02/2024 enviamos nuevo correo electrónico a medio ambiente para preguntarles acerca de este asunto. Contestaron el mismo día, para informar que el 16/01/2024 habían enviado un “requerimiento de enmenda” dando un plazo de gracia de 1 mes.

La notificación no se dio por recibida hasta el 22/01/2024. Adicionalmente, de nuevo actuando con diligencia, desde medio ambiente se pusieron en contacto con el gimnasio para indicarles que serían sancionados si el problema persistía. El Concello nos informó que el gimnasio les había indicado que ya habían hablado con una empresa para reparar la instalación. El plazo de gracia expiró el 23/02/2024 y como pueden imaginar no pasó absolutamente nada. El gimnasio seguía haciendo el mismo ruido a su entera voluntad y el Concello no daba señales de vida. Unos días antes de finalizar el plazo de gracia, en previsión de un viaje y que habría problemas de disponibilidad (19/02/2024) se contacta de nuevo con el Concello a través de mail. El viaje finalizó sin que hubiese habido noticia alguna. Se insiste de nuevo los días 29/02/2024 y 01/03/2024. El mismo 01/03/2024 indican desde el Concello que iban a contactar de nuevo con la empresa que hace las mediciones de ruido para que volviesen a nuestra casa para comprobar si el ruido continuaba. Ante la falta de noticias, se insiste de nuevo los días 05/03 y 07/03/2024. Finalmente, el 13/03/2024 el técnico de medición volvió a nuestro domicilio a hacer las comprobaciones. En este caso hizo dos. Una a media tarde y otra pasada la medianoche para dejar constancia de que el ruido también se producía en horario nocturno (lo que implica que el límite legal se excede por más margen de decibelios).

El 02/04/2024, ya habiendo transcurrido casi un mes y medio desde que había expirado el plazo de subsanación dado por el Concello y dos semanas desde que se había hecho la segunda medición de ruido, volvemos a interesarnos por el tema.

El mismo 02/04/2024, medio ambiente nos confirma que el informe vuelve a salir “mal” y que iniciarán un expediente sancionador. También informan que van a averiguar si se le puede requerir al gimnasio que apague el equipo hasta que no esté esto solucionado.

Sigue pasando el tiempo y la situación sigue exactamente igual. El 29/04/2024, casi un mes después de que se nos hubiese informado que se iba a iniciar un expediente sancionador, volvemos a preguntar acerca de este asunto. Sin respuesta. Se insiste el día 03/05/2024 y ese mismo día, medio ambiente empieza ya a echar balones fuera diciendo que el tema está en Secretaría. A partir de esa fecha, dejan de contestar los correos. Esta política de no contestar persiste a día de hoy.

Huelga decir, que la situación con el ruido no había cambiado en absoluto. Se continuó poniendo denuncias y se requirió formalmente a través de instancia que nos enviasen los informes de medición. Sin respuesta.

Finalmente, el 04/06/2024 se contacta con el Concello por teléfono. Se habla con medio ambiente y se nos da una persona de contacto en Secretaría para preguntar por el expediente. Se contacta con esta persona (...) ese mismo día y nos dice que no sabe nada del tema y que se vuelva a llamar el viernes 07/06/2024. Se llama de nuevo en la fecha indicada y esta misma persona nos indica que, justamente el día anterior, 06/06/2024, se había incoado el expediente y que el plazo para tramitarlo era de UN AÑO (!!).

Hemos sido especialmente cuidadosos detallando todas las interacciones que se han mantenido con el Concello de Boiro por este tema para mostrar quien ha sido aquí la parte que ha tenido que asumir la carga de todo este proceso.

No es la parte que está causando el daño (el gimnasio), ni la parte que tiene la obligación, las

atribuciones y los medios para evitarlo (el Concello), sino que ha tenido que ser el ciudadano,

que además de ser el único perjudicado por esta infracción, está obligado a estar pendiente de plazos y de trámites para lograr que se haga algo, sacrificando su tiempo y su energía.

Todo esto, para que, después de más de seis meses desde que se hizo la primera comprobación de ruido, más de cuatro meses después de que hubiese vencido el plazo de subsanación que dio el Concello, más de 3 meses después de que se verificase que

no se había subsanado absolutamente nada y más de dos meses y medio desde que se me dijo que se iba a iniciar un expediente sancionador, se nos diga el día 06/06/2024 que va a tardar hasta UN AÑO (!!) en tramitarse.

...

En nuestra opinión, el Concello no está actuando en este tema con la diligencia debida y a la que está obligado (Artículo 3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público). No siendo conocedores de los plazos que se manejan para este tipo de situaciones, se nos antoja excesivo asumir que sea razonable que esto tenga que ser tan lento y que requiera un esfuerzo tan grande por parte del ciudadano, una vez que ya se ha verificado, dos veces, que el daño se está produciendo y que este persiste.

Igualmente, no creemos que sea razonable que el Concello, siendo conocedor de que el daño se está produciendo de forma continua no haya hecho absolutamente nada efectivo para que este cese, no haya atendido (ni siquiera contestado) a nuestras solicitudes para la adopción de medidas cautelares y no distinga que, una cosa es sancionar algo que ya se ha producido (y que a lo mejor sí tiene sentido tramitarse en el plazo de un año), pero otra muy distinta es evitar que este daño siga perjudicando a terceros inocentes.

Adicionalmente, de acuerdo a nuestra interpretación de la “Ordenanza Contra a Contaminación Acústica de 7 de diciembre de 2007”, vigente en el Concello de Boiro:

El Concello tiene atribuidas las competencias para ejercer el control de lo previsto en la ordenanza referente a denuncias, actividades de inspección y vigilancia (Art. 32.1).

El Concello tiene amplias facultades de inspección en relación a las actividades que generan ruido (Art. 33.1 de la ordenanza).

El Concello tiene la obligación de entregar a los interesados una copia de las actas que resulten de una medición de ruidos (Art. 33.4 de la ordenanza).

No se me ha informado de la calificación que se le ha dado al expediente sancionador que se ha iniciado, pero de acuerdo a la normativa, dado que el establecimiento ha ignorado completamente un requerimiento formal para subsanar la infracción detectada, como mínimo debería ser considerado como GRAVE (Art. 36 .c) de la ordenanza).

El Concello está habilitado de una forma muy amplia para la adopción de medidas cautelares (Art. 43 de la ordenanza).

Qué el Concello tome las medidas cautelares necesarias para evitar que los daños que está ocasionando la contaminación acústica del GIMNASIO OZONO a través del ruido que genera su sistema de ventilación cese de manera inmediata.

*Qué como interesados, habiéndose efectuado además las mediciones desde nuestra casa, se nos faciliten urgentemente copia de las mismas, y,
Qué se nos informe acerca de la calificación que el Concello ha dado a la infracción (leve, grave o muy grave).*

Segundo. A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Boiro con data do 28/06/2024.

Terceiro. Con data do 06/08/2024, recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

Tendo recibido neste Concello procedente desa institución unha solicitude de información en relación coa queixa formulada por XXX no expediente identificado no encabezamento, en cumprimento do disposto na Lei 6/1984, de 5 de xaneiro, poño no coñecemento desa institución que:

Tal e como xa se fai constar na queixa formulada polo XXX o día 06/06/2024 incoouse un expediente sancionador en relación coa presunta contaminación acústica derivada do funcionamento do sistema de ventilación do ximnasio denominado OZONO.

Este expediente está a día de hoxe en fase de tramitación.

Con data do 07.10.2024, a persoa promotora da queixa achegou as seguintes alegacións:

- La respuesta dada por el Concello se limita a confirmar que hay abierto un expediente sancionador al citado gimnasio, cuestión que por otra parte ya puse yo mismo de manifiesto en la reclamación que se interpuso a través de*



la Valedora do Pobo. El Concello de Boiro no da ninguna resposta a las cuestiones que se plantean en la reclamación.

- *En la actualidad el exceso de ruido generado por el gimnasio no se está produciendo. El Concello de Boiro me comunicó por mail el pasado 5 de agosto que el gimnasio había presentado, entre otras alegaciones, un informe de una empresa que supuestamente había llevado a cabo unas reparaciones. Del correo del Concello no se infiere que se haya efectuado comprobación alguna por parte del Concello sobre esta reparación.*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira. A problemática desta queixa cómpre abordala cun dobre enfoque: a contaminación acústica e a falta de resposta a diferentes escritos dirixidos ao concello, nalgún dos cales se solicitaba a copia da medición acústica efectuada, que ata este momento non consta que fose remitida ao promotor deste expediente.

Segunda. A cronoloxía da situación que leva padecendo o promotor desta queixa é a seguinte:

- O 16 de novembro do 2023 formula primeira denuncia ante o concello.
- O 1 de decembro efectúase a primeira medición do ruído.
- O 8 de xaneiro do 2024 comunícanlle que o ruído excede o límite do permitido.
- O 13 de marzo efectúase unha segunda medición de ruído.
- O 2 de abril iníciase o expediente sancionador que aínda non foi resolto, segundo o informe remitido polo concello e incorporado a este expediente de queixa.

Terceira. No informe remitido polo ente local, logo de ter efectuado diferentes requirimentos, consta que: “O 06/06/2024 incoouse un expediente sancionador en relación coa presunta

contaminación acústica derivada do funcionamento do sistema de ventilación do ximnasio denominado Ozono. Este expediente está a día de hoxe en fase de tramitación”.

Nada se informa sobre a resposta proporcionada polo ente local aos diferentes escritos presentados en diferentes datas polo promotor deste expediente de queixa ao longo do ano e medio precedente á data na que se formula queixa e se solicita a intervención da Valedora do Pobo.

Cuarta. A veciñanza ten dereito á intimidade persoal no ámbito domiciliario, ten dereito a un medio ambiente adecuado e á protección da calidade de vida e ten dereito á saúde en relación co descanso.

Tal e como indicamos reiteradamente nos informes ao Parlamento de Galicia, as comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas deben facerse cando tal cousa se denuncia polas persoas afectadas, é dicir, no preciso intre en que o local está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esta comprobación debe facerse cando se dea a denuncia, posto que noutro momento non ten sentido.

A necesidade de control tanto das condicións dos locais como de posibles infraccións dedúcese da natureza das licenzas de funcionamento, o que obriga os concellos a facer unha vixilancia continuada dos establecementos con licenza de actividade desta tipoloxía.

A través deste instrumento de control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade económica que está a desenvolverse no referido local deportivo, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, pola outra.

As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local; a licenza abre unha relación continuada no curso da cal a Administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o da veciñanza, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

A persoa que presentou a queixa e a súa familia están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

Quinta. Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: o Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

Por una banda, a falta de resposta da Administración local aos diferentes escritos presentados polo promotor desta queixa e, pola outra, o transcurso do tempo dende que no mes de abril do ano en curso se iniciara o expediente sancionador propiciaron que, transcorrido un amplo período de tempo, se dirixira á institución da Valedora do Pobo, toda vez que non se adoptou medida cautelar algunha que contribúa a mitigar a problemática de contaminación acústica que padece segundo corroboran as dúas medicións sonométricas efectuadas.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Boiro a seguinte **recomendación**:

Que toda vez que verificou os incumprimentos da normativa de protección contra a contaminación acústica do `Ximnasio Ozono` impulse a tramitación do expediente incoado, adoptando, de ser o caso, as medidas cautelares que correspondan a fin de que se minimice a problemática que veu padecendo o promotor desta queixa dende hai tempo.

E o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Recordámoslle que, de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo, o Concello de Boiro debe contestar expresamente aos escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa e, en xeral, no seu caso, a todos os escritos presentados pola cidadanía.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo e recórdolle a necesidade de que, no prazo de un mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia,



dará conta do número e tipos de queixas presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola Administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)